


Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2017



Organiza:



en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia



Modalidades

- Premio ao mellor traballo de investigación aplicada, dotado con 6.000 euros netos, máis unha axuda de 4.000 euros para a formación dun membro do equipo investigador, durante 2 ou 3 meses nun centro de investigación de fóra de Galicia.
- Premio ao mellor caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía para pemes, dotado con 12.000 euros netos. Concederáse á peme que acredite a mellor innovación procedente da adquisición dunha patente, dun proxecto conxunto con un ou varios grupos de investigación ou outro mecanismo calquera de transferencia de coñecemento.
- Premio ao mellor caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía para grandes empresas. O grupo de investigación colaborador da empresa recibirá 6.000 euros en concepto de apoio ao seu traballo.



Destinatarios

- Grupos galegos de investigación aplicada. Poderán concorrer todos os/as científicos/as adscrito/as a centros de investigación ou centros tecnolóxicos ubicados en Galicia, excepto os membros da Real Academia Galega de Ciencias.
- Pemes galegas que teñan apostado pola innovación baseada no coñecemento xerado en organismos de investigación. Poderán concorrer todas as pequenas e medianas empresas galegas (incluídas as micropemes).
- Grandes empresas galegas, conxuntamente co grupo de investigación que participou no proceso de transferencia de tecnoloxía.



Requisitos

- No caso dos traballos de investigación aplicada, o solicitante debe ser o/a seu/súa autor/a e, en caso de ser varios, ten que contar coa autorización dos demais. O traballo pode ser inédito ou estar xa publicado, neste caso despois de 2014.
- Se se trata dun caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía, o/a solicitante será o/a representante legal da empresa e o proceso de transferencia tivo que producirse con posterioridade ao ano 2013.



Prazo e lugar de presentación de candidaturas

O prazo para a presentación de candidaturas rematará as 13 horas do 29 de xuño de 2017. O sobre coa documentación enviarase, con acuse de recibo, á Real Academia Galega de Ciencias. Facultade de Química. Avenida das Ciencias s/n. Campus Sur. 15782 Santiago de Compostela.

Detalle das bases e da documentación a entregar en ragc.cesga.es e gain.xunta.es.